

## DOMINGO 5 CORESMA Ciclo C

PRIMEIRA Is 43, 16-21

*Velaí procuro a renovación e darei de beber ao meu pobo*

### PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

Así fala o Señor, que fixo un camiño polo mar e unha vereda polas augas impetuosas, que fixo saír carros e cabalos, un exército moi poderoso.

Eles deitaranse e non se levantarán, apagáronse coma a torcida dun candil, extinguíronse. Non vos lembrades das cousas pasadas? Non comprendedes as cousas antigas?

Ollade: eu estou facendo algo novo; xa agroma: non vos dades conta?

Si, vou abrir un camiño no deserto, ríos na estepa.

Os animais do campo honraranme, os chacaís e os poliños da avestruz, porque porei augas no deserto, ríos no ermo, para darlle de beber ao meu pobo, ao meu escollido, ao pobo que eu criei para min, e que contará a miña louvanza.

SALMO RESP. Sal 125, 1-2ab. 2cd-3. 4-5. 6

***R/ (3): O Señor fai connosco cousas grandes, estamos cheos de alegría.***

Cando vire o Señor a sorte de Sión,  
estaremos coma en soños.  
Teremos a boca chea de risos  
e a lingua de cantares.

Os pagáns dirán entón:  
-"O Señor fai con eles cousas grandes".  
O Señor fai connosco cousas grandes,  
estamos cheos de alegría.

Vira, Señor, a nosa sorte,  
coma os regatos no deserto.  
Os que entre bágoas sementan,  
entre cantares recollen.

Cando van, van chorando  
os que levan a semente.  
O viren, veñen cantando  
os que traen os monllos.

SEGUNDA Flp 3, 8-14  
*Por Cristo considereí perda todas as cousas, conformándome á súa morte*

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA  
NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS FILIPENSES**

Irmáns e irmás:

Todo me parece perda comparado co grande que é coñecer a Cristo Xesús, o meu Señor. Por El tirei con todo e doulle tanto valor coma ao lixo con tal de gañar a Cristo e de vivir nel; non por ter unha xustiza miña propia por cumprir a Lei, senón pola xustiza que se recibe coma resposta á fe.

Así podereino coñecer a El, experimentar a forza da súa resurrección e solidarizarme cos seus sufrimentos, reproducindo en min a súa morte, para ver de chegar eu tamén á resurrección dos mortos.

Non é que eu xa chegase á meta nin que xa teña chegado á perfección. Non. Eu aínda vou correndo, a ver se a alcanzo, xa que tamén eu fun alcanzado por Cristo Xesús. Irmáns, eu non boto de conta que a teña alcanzado. Velaí o único que fago: esquezo o que quedou atrás, lánzome cara ao que está diante, bulo para pillar o premio ao que Deus desde arriba nos convoca en Cristo Xesús.

**DOMINGO 5 CORESMA Ciclo C**

EVANXEO Xn 8, 1-11  
*Quen de vós estea sen pecado, sexa o primeiro en tirarlle a pedra*

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN**

Daquela Xesús saíu para o Monte das Oliveiras. Pero á alborada, presentouse outra vez no templo e toda a xente veu onda el; el sentouse e empezou a ensinar.

Os escribas e fariseos trouxéronlle unha muller sorprendida en adulterio; puxérona no medio e medio e preguntáronlle:

- Mestre, a esta muller collérona en flagrante adulterio. Moisés, na Lei, mandounos apedrar a esta xente. Ti que dis?

Preguntábanllo á mala fe para teren así de que o acusar. Pero Xesús, abaixado, escribía co dedo na terra. Como lle seguían preguntando, ergueuse e díxolles:

- Quen de entre vós non teña pecado, que lle tire a primeira pedra.

E, abaixándose outra vez, escribía na terra. Pero eles, ao que o escoitaron, foron liscando un a un, comezando polos máis vellos. Quedou el só coa muller, que seguía no medio. Ergueuse entón e preguntoulle:

- Muller, onde van? Ninguén te condenou?

Ela respondeulle:

- Ninguén, Señor.

Díxolle Xesús:

- Tampouco eu non te condeno: vaite e desde agora non peques máis.